



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 27 DE XANEIRO DE 2026.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúñense en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter ordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN

D^a. SILVIA RODRÍGUEZ FERRO

D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ

D^a. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO

Non asiste D. Adán Formigo Sánchez. Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

1.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 25 DE NOVIEMBRE DE 2025.- Pola representante de Avide maniféstase que a acta remitida non se corresponde coa conversación mantida.

Sometida a votación a aprobación da Acta da sesión, obtense o seguinte resultado: TRES (3) VOTOS a favor e TRES (3) votos en contra. Realizada unha segunda votación, obtense o mesmo resultado, quedando aprobada a Acta da sesión do 25 de novembro de 2025 polo voto de calidade do Sr. Alcalde.

2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.- Dase conta das Resolucións da Alcaldía remitidas aos membros do Pleno coa convocatoria da sesión.

3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2025.- A Presidencia da conta da Resolución da Alcaldía pola que se aproba a Liquidación do Orzamento 2025.

A representante de Avide informa da presentación de instancia no concello solicitando información para poder validar a conta xeral do 2025, na que solicita: 1.- Extractos bancarios de todas as contas de titularidade municipal con saldo a data 31 de decembro do exercicio liquidado. 2.- Actas de Arqueo de peche de exercicio asinadas pola Alcaldía, Intervención e Tesourería. 3.- Libro Maior de Contabilidade das partidas de gasto e ingreso que presentan maiores desviacións respecto ó Orzamento inicial. 4.- Relación de todos os Informes de Reparo emitidos pola Intervención durante o devandito exercicio. 5.- Acceso (mediante usuario de consulta ou clave de lectura) ó sistema informático de xestión contable do Concello para a verificación puntual de facturas e mandatos de pago.

A Alcaldía resposta que a información se remitirá cando sexa posible e sempre conforme coa legalidade.

A representante de Avide manifesta que os documentos facilitados para a sesión non se atopan asinados. Tamén pide ao Secretario que explique os motivos polos que algunha da información solicitada non se poderá remitir, ao que responde que se contestará por escrito.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

4.- APROBACION CONTA XERAL ORZAMENTARIA 2025.- Visto o expediente da Conta Xeral correspondente ao exercicio do 2025 na que consta a documentación prevista nas Regras 224 e seguintes da Instrución de Contabilidade Simplificada, o Informe de Intervención e o Ditame favorable da Comisión Especial de Contas, e considerando que o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais atribúe o Pleno a competencia para a súa aprobación, a Presidencia somete á consideración dos membros do Pleno a seguinte proposta de acordo:

a) Aprobación inicialmente a Conta Xeral Presupostaria do Concello correspondente ao exercicio do 2025 nos termos e coa documentación que consta no expediente, aprobación que se elevará automaticamente a definitiva de non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, e cuxo resumo é o seguinte:

b) ESTADO DE INGRESOS

c) Capítulo 1 132.285,78 euros

d) Capítulo 2 4.186,13 euros

e) Capítulo 3 60.460,12 euros

f) Capítulo 4 193.373,94 euros

g) Capítulo 5 00,00 euros

h) Capítulo 7 501.011,09 euros

i) TOTAL INGRESOS REALIZADOS 891.317,06 euros

j) ESTADO DE GASTOS

k) Capítulo 1 200.032,31 euros

l) Capítulo 2 128.147,70 euros

m) Capítulo 3 809,75 euros

n) Capítulo 4 71.610,00 euros

o) Capítulo 6 486.529,47 euros

p) TOTAL PAGOS REALIZADOS 887.129,23 euros

q)

b) Render a citada Conta o Tribunal de Contas nos termos previstos na Regra 229 da Instrución de Contabilidade Simplificada.

Sometida a proposta da Presidencia a votación, obtense o seguinte resultado: TRES (3) votos a favor e TRES (3) votos en contra, os dos representantes do grupo municipal socialista e AVIDE. Sometida a proposta a unha segunda votación, obtense o mesmo resultado, polo que, polo voto de calidade do Sr. Alcalde, queda aprobada a proposta e elevada a acordo.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE SOLICITUDE DE SUBIDA DE RETRIBUCIÓN AOS CONCELLEIROS POR ASISTENCIA A SESIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.- Intervén O Sr. Carreiro Estévez para explicar o sentido da súa moción, xustificando a solicitude na existencia dun aumento no orzamento municipal e un aumento nas responsabilidades asumidas polos concelleiros.

Intervén o Sr. Secretario para indicar que as retribucións dos membros do Pleno atópanse fixadas nas bases de execución do orzamento, que xa está aprobado definitivamente para este exercicio, polo que a subida sería efectiva no próximo exercicio.

Sometida a moción a votación, obtense o seguinte resultado: DOUS (2) votos a favor, UN (1) voto en contra e TRES (3) abstencións, quedando aprobada a moción.



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O IBI.- Intervén O Sr. Carreiro Estévez para explicar a moción, manifestando que se está pagando unha barbaridade de diñeiro por bens en zonas rurais miserables e que o 95% do pobo vive malamente.

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que a moción fai referencia a un aumento na valoración de certos bens inmobles, pero que dita actualización non foi instigada polo Concello. En canto á redución da cota nun 33%, manifesta que o IBI é a principal fonte de ingresos do Concello e que consultada Intervención e Tesourería resulta inviable a súa rebaixa, debido a que supoñería unha gran perda económica.

O representante do grupo municipal socialista manifesta a escasa viabilidade económica dos Concellos pequenos, polo que solicita que o Alcalde xere riqueza para o pobo, á vez que se rebaixe o IBI, o que beneficiaría á totalidade de veciños.

A repersentante de AVide pregunta que tanto por cento do orzamento simboliza o IBI para afirmarse que é a principal fonte de ingresos do Concello.

Pola Alcaldía e Secretaría explícase a diferenza entre os ingresos propios do Concello e as subvencións que a maiores se poden conseguir, que teñen carácter finalista.

A reprsentante de Avide engade que a porcentaxe de IBI establecido é o máis alto posible, polo que, se un concello pódeo baixar, é o de Beade. Ademais, entende que non supoñería unha gran minoración no orzamento total. Resultaría empático que o persoal do Concello non se aumentase o soldo.

A Sra. Rama Cotelo comenta que está a favor da baixada do IBI, e que se un Concello como Leiro se pode manter no rural sen chegar ao tope legal, en Beade, cun goberno do mesma cor, cre que tamén se debería seguir ese camiño.

Sometida a votación a moción, obtense o seguinte resultado: TRES (3) VOTOS a favor e TRES (3) votos en contra. Realizada unha segunda votación, obtense o mesmo resultado, quedando rexeitada a moción polo voto de calidade do Sr. Alcalde.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.- Neste punto da Orde do Día prodúcense as seguintes intervencións:

Pola representante de Avide:

Comenta que se presentaron diferentes instancias por rexistro, que vai ler para que consten en acta. Son as seguintes solicitudes:

O acceso e consulta en formato dixital de toda a documentación do Expediente de sanción de Patrimonio, informes técnicos para levar a cabo o derrube, orde do mesmo e presuposto, todo elo asinado electrónicamente.

O acceso en copia de formato dixital remitida á conta de correo do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais do Concello de Beade, aprobado en Xunta de Goberno Local do 10 de setembro de 2025, o orixinal remitido á Consellería de Medio Rural.

Ter acceso á toda a información, por suposto orixinais asinados electrónicamente, en formato dixital remitido a correo electrónico, relacionada coas obras que se levan a cabo a carón do pavillon de Beade, e así mesmo da obra de mellora de saneamento en praza de As Regadas: Proxectos detallados coa Memoria, Estudos, Pregos de condicións, Orzamentos detallados, Planos, Expedientes de contratacións e resolucións dos mesmos...

O acceso ó rexisto de entrada da renuncia presentada polo Concelleiro Adán Formigo Sánchez e posterior escrito de admisión.

O acceso da información en formato dixital remitida ó correo electrónico, das Listas cobratorias do IAE do concello de Beade do exercicio 2025, aprobadas en Xunta de Goberno Local en data 16 de outubro de 2025.

O acceso ó Censo actual do Concello de Beade, para control e fiscalización do novo Orzamento, dado que o informe do mesmo presume dun aumento da poboación para o presente exercicio e existen datos oficiais de descenso.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Tamén comenta que existen dúas resolucións de Alcaldía nas que se paga dobremente polo mantemento do camiño de Eigón.

Volve insistir no tema de axudas para gastos de celebración de festas. Os gastos son para asociacións e non para particulares, polo que considera ilegal que se entregue a nome de Noelia Domínguez e non da asociación constituída.

Comenta que os sumidoiros están todos taponados como consecuencia do temporal. Pide que o persoal de mantemento os revise.

Tense constancia da existencia de obras no pavillón. Os avisos de cortes de auga afectan ao día a día das empresas. Hai que avisar aos veciños con antelación.

Da obra do pavillón que se está realizando non hai informes nin adxudicación de obra. Solicítanse proxectos detallados.

Pola Alcaldía respóndese que se contestará a todas as cuestións por escrito ou os motivos polos que non se pode facilitar a información.

A representante de Avide indica que existe xurisprudencia e doutrina segundo a cal o dereito de representación política prevalece sobre a protección de datos cando está en xogo diñeiro público, polo que é legal que se lle entreguen os padróns veciñais e contas municipais.

A Alcaldía indica que todas as súas decisións son adoptadas co apoio dos funcionarios competentes para determinar ou non a súa legalidade.

No asunto dos dos sumidoiros, procederase a súa revisión.

En relación cos cortes de auga, a empresa encargada das obras avisou ao Alcalde o día anterior e dixo que só serían 15 minutos ás 8:30 da mañá, pero atrasouse e o corte foi noutro horario máis inoportuno.

Contestarase a todas as solicitudes presentadas por rexistro e se reafirma en que ten acceso a todos os expedientes das obras.

Polos representantes do Grupo Municipal Socialista:

O Sr. Carreiro Estévez solicita que se lle reenvíe toda a información que se lle vaia a enviar a Avide e pide ao Alcalde que responda as cuestións in situ e non diga que se contestará por escrito.

Pola Sra. Rama Coteló tamén pide que a información se remita a todos os membros da corporación, tanto goberno como oposición e reitera a maior capacidade da Sra. Pérez Costa que do actual Alcalde para ocupar a cadeira de Alcalde.

Tamén roga que se envíe a todos os concelleiros as nóminas e cotizacións á Seguridade Social do Alcalde nos anos 2024 e 2025.

En relación aos incendios, solicita que se indiquen os gastos que se satisfíxeron aos veciños.

O Sr. Carreiro Estévez indica que se finalmente se remite toda a documentación que pide a representante de Avide, a última RPT aprobada en pleno sería xusta.

Solicita novamente a gravación en vídeo dos plenos.

Felicita ao Alcalde polos calendarios do 2026.

Comenta a existencia aínda de símbolos franquistas no pobo.

Solicita que se reenvíen os escritos emitidos en relación co servizo HADO.

Pregunta pola entrada de auga con terra en casa de Luis.

Fai referencia ao sistema de curta de acacias e ás fochancas de diferentes camiños.

Responde o Alcalde que as fochancas están a ser tapadas con sábreo, pero están a volveuse a abrir coas choivas e o elevado número de paso de coches.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Continúa o Sr. Carreiró Estévez comentando en relación á elevada velocidade á que pasan os coches polo pobo, ao que responde o Alcalde que se lle remitirá a contestación da AXI cando se solicitou a instalación de gardas tombados. Engade o Sr. González Alarcón que se instalou un par de veces un radar móbil no pobo e causou malestar entre os veciños.

Pregunta o Sr. Carreiro Estévez sobre a posibilidade de converter a casa de Jesús e de Rosa nun centro de día ou similar. Responde o Sr. Alcalde que o maior problema son os seis herdeiros da casa e a súa relación entre si.

O Sr. Carreiro Estévez pregunta polos avances en relación á cesión de parcelas para facer un corredor antiincendios. O Sr. Alcalde responde que a Asociación Ridimoas contestou que non lle parecía unha boa idea, polo que existe un certo bloqueo. Están a estudarse alternativas. Todos os demais propietarios cederon os seus terreos.

O Sr. Carreiro Estévez pregunta polo uso do ascensor do Concello e o custo do seu mantemento, ao que se lle responde que é unha medida de accesibilidade.

Continúa preguntando por qué antes as dietas dos concelleiros pagábanse en efectivo e agora é a través de transferencia bancaria. Respóndeselle polo Sr. Secretario que así é máis sinxelo e que queda xustificante electrónico do pago.

Continúa preguntando pola posible subida da taxa de lixo. O Sr. Alcalde responde que non ten os datos suficientes e que desde da Unión Europea, Goberno Central e Xunta de Galicia está a debaterse. Haberá que cobrar unha taxa que cubra o custo do servizo. Tentarase facer o menos lesivo para os veciños.

Pregunta por que os recibos domiciliados da auga non recollen no xustificante bancario os metros cúbicos consumidos. En relación a iso, a representante de Avide comenta que as empresas agora están obrigadas a emitir primeiro a factura e logo pasar o cargo a domiciliación, polo que o Concello tamén o debería de facer así, para que non chegue o cargo sen previo aviso. Coméntase tamén a posibilidade de remitir os recibos electronicamente.

Pregunta a representante de Avide por qué se están lendo os contadores se xa son electrónicos, ao que responde o Sr. Alcalde que ten que pasar un tempo dende a instalación ata que sexan plenamente funcionais, polo que esta lectura realizárase manualmente. Cando estea todo operativo, darase a cada persoa a súa clave e usuarios para que poida consultar os seus consumos en tempo real.

Polo Sr. Carreiro Estévez repítese a súa solicitude de que se teña control dos fogos de artificio e que sexan o menos lesivos posibles, adoptándose, polo mesmo, medidas coercitivas.

Neste momento da sesión, por parte da Alcaldía levántase a mesma, sendo ás catorce horas e dez minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



Asdo: Fernando Taboada Guntín.



Asdo: Pablo Fernández Loureiro.